

FICHA DO LIBRO



- Título do libro. [OS OLLOS DE K](#)
- ✦ Ano de Publicación. [2007](#)
- ✦ Autor. [Antón Riveiro Coello](#)
- ✦ Xénero. [Narrativa](#)
- ✦ Editorial. [Galaxia](#)
- ✦ Colección.
- ✦ Número de pax. [284](#)
- ✦ ISBN. [978-84-9865-008-2](#)
- ✦ [WEB](#).

A aventura de crear ficcións

Na súa busca de novas historias que contar, o escritor Suso Paradelo convértese involuntariamente no protagonista dunha novela que escapa ao seu control. Riveiro Coello explora a fráxil liña que separa ficción de realidade nesta ambiciosa novela de corte detectivesco e fondamente metanarrativo sobre os alicerces da escrita. Anxos García Fonte achega as principais claves da obra.

Anxos García Fonte. Cabanas

Antón Riveiro Coello presenta unha novela ambiciosa e de ritmo áxil que nos conduce polos tortuosos carreiros da creación literaria dun narrador protagonista que non dubida en vender a súa alma ao diaño con tal de ter unha historia que contar.

O protagonista, Suso Paradelo, é un escritor solitario, habitante dun Ourense desdebuxado envolto na néboa e cuberto de neve, que parece sufrir unha perpetua crise creativa: a urxencia do pequeno relato que debe escribir diariamente no xornal agudiza esa angustia e pon de manifesto que o baleiro existencial do escritor e a dificultade para tomar iniciativas na súa vida persoal están moi relacionados coa incapacidade de crear e imaxinar historias. Por esa razón decide ofrecer diñeiro nunha entrevista do xornal a quen lle proporcione historias. O chamamento ten éxito e a el acoden dúas persoas: en primeiro lugar un tal Pastor, personaxe que se move no mundo marxinal de Ourense e, logo, Dimitrie Lupescu, un romanés misterioso que rematará por acaparar todo o protagonismo do novo proxecto de Suso Paradelo.

O escritor, intentando poñer a andar o argumento para unha nova novela, curiosamente provocando a ficción a través da realidade, encárgalles por separado a Pastor e a Dimitrie que localicen un exemplar, roubado o mesmo día da presentación, do seu último libro cunha dedicatoria ao editor. A partir de aquí a historia vaise complicando cunha serie de asasinatos nos que acaba véndose implicado o protagonista.

A trama fundamental está interrompida por unha serie de pequenos relatos de final truculento, cinco en total, que o protagonista escribe para a súa columna diaria no xornal. Os relatos teñen en común un asasinato no que os corpos son mutilados do mesmo xeito: arrincándolles os ollos. Todos, agás o primeiro, son resultado das historias de Dimitrie Lupescu ou ben da propia imaxinación de Suso Paradelo tratando de darlle unha explicación á intriga en que se ve envolto.

Verdadeiras historias dentro da historia, estes relatos veñen a anticipar moitos acontecementos da trama principal, facendo dubidar ao escritor Suso Paradelo se non estará el mesmo, sen quererlo, provocando desde a ficción os sucesos que logo se producirán na realidade: "Que pensará cando lle diga que temo ser o que escribe o destino duns personaxes que se asentan na realidade, cunha vontade que corrixo dun xeito poderoso e case inconsciente?" (p.126).

A continua reflexión entre a fráxil liña que separa ficción de realidade é, se cadra, un dos aspectos máis interesantes da presente novela: "-Abóndame a imaxinación", dille un orgulloso Suso Paradelo rexeitando a Dimitrie Lupescu, cando este lle ofrece as súas historias; "-A imaxinación non existe se non existe a memoria- retrúcallo o romanés- Ela é a que nos proporciona as historias (...)" (p. 24).

O protagonista chega mesmo a verse na disxuntiva de implicarse plenamente na creación literaria, o cal implicaría ter que pasar por alto moitas consideracións morais e cívicas, ou comprometerse coa realidade vital e as súas esixencias: lealdade persoal, esixencias legais, etc. Suso Paradelo tenta, ata o último momento, en que os acontecementos se precipitan sobre el e ameazan con frustrar os seus proxectos tanto na realidade coma na ficción, sobrevivir nunha calculada ambigüidade: "-Eu xa vivo nunha realidade literaria." (p. 84)

Literatura na literatura, metanarrativa, argumento de novela policiaca ao estilo trepidante dun Rubem Fonseca: fermosas mulleres que o protagonista soña seducir, asasinatos e historias de amor e violencia, unha nova con cada personaxe que entra na escena narrativa, multiplicidade de voces, cambios de espazo e tempo... e todo en apenas cinco días. Nalgunhas ocasións o lector pode verse sorprendido pola audacia das propostas argumentais e con moita razón podería acusalas de inverosímiles, mais, como Suso Paradelo se encarga de lembrarnos, iso da verosimilitude non son máis que teimas dos críticos cando non teñen outra cousa mellor que argumentar e, como dicía Heráclito, citado polo propio Paradelo, "debemos aprender a esperar o inesperado", porque a realidade case sempre supera a ficción (ou era ao revés?).